

Capítulo I. Denominación e obxecto

Artigo 1. Definición

O Consello Sectorial de Lingua é un órgano de participación sectorial que ten carácter informativo, consultivo e de formulación de propostas no ámbito sectorial da actividade municipal da súa competencia.

Artigo 2. Normativa de funcionamento

Este Consello Sectorial de Lingua funcionará de conformidade co establecido no título III, capítulo I do Regulamento de participación cidadá aprobado no Pleno do Concello de data 09/07/2009 (BOP núm. 256, do 02/12/2009) e no presente Regulamento interno de funcionamento.

Artigo 3. Obxecto

Desde este Consello Sectorial de Lingua fomentárase a participación da cidadanía e, en particular, do movemento asociativo no ámbito de defensa da lingua, co obxecto de establecer e consolidar unha canle de comunicación fluída entre o Concello, a cidadanía e o movemento asociativo.

Capítulo II. Funcións

Artigo 4. Funcións

Son funcións do Consello Sectorial de Lingua as seguintes:

- a) Constituírse como foro de debate e canle de participación dos axentes sociais e económicos do municipio de Ferrol en materia de normalización lingüística.

- b) Todas as funcións recollidas no acordo plenario de constitución do Consello Sectorial de Lingua, nos principios e normas , artigo 8, de data 28 de decembro de 2000, que son:

1. Ser consultados e informar ao Concello no caso de que órganos municipais debatan asuntos específicos de lingua.
 2. Ser informados dos ditames aprobados pola Xunta de Goberno Local e, se é o caso, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, Alcaldía e Pleno respecto daqueles temas que lle afecten á lingua
 3. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións para a súa discusión nas comisións informativas correspondentes, colaborar na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento da actuación Sectorial dentro da súa área de actuacións.
 4. Discutir o programa anual de actuación e estudar os orzamentos na materia que lle corresponde.
 5. Colaborar e asesorar na elaboración de plans de actuación en materia de normalización lingüística sectoriais ou globais así como formar parte dos grupos de traballo que se creen relativos ao sector que representen.
 6. Establecer canles de relacións cos sectores sociais interesados ou que representan ou que sexan obxectivo da actividade Sectorial de normalización do idioma.
- c) Fomentar a protección e a promoción da lingua galega no seu ámbito de competencia

Capítulo III: Composición do Consello

Artigo 5. Composición

1. O Consello Sectorial de Lingua estará constituído, cando menos, por:

- a) Presidencia: alcalde/sa, ou concelleiro/a responsable de cada área ou sector en quen o/a alcalde/sa delegue.
- b) Vicepresidencia: unha persoa elixida democraticamente entre a cidadanía que participa a título individual, e outra entre aquelas persoas que participan en representación de asociacións ou mancomunidades de veciñanza.
- c) Un representante por cada un dos partidos políticos con representación no Pleno, non podendo supor o conxunto deles máis do 50% do total de membros do Consello.
- d) Quince representantes de entidades cidadás inscritas no Rexistro Sectorial de Entidades Cidadás relacionadas co sector ou co interese na materia. Neste espazo tamén terán representación as entidades, plataformas, cooperativas, e entidades do terceiro sector que se consideren de interese . As entidades que desexen formar parte do Consello Sectorial de Lingua deberán manifestar que entre as súas prioridades e obxectivos está a defensa da lingua e da súa normalización.
- e) Cinco cidadáns e cidadás a título individual, maiores de 16 anos, que manifesten interese na materia do Consello.
- f) Secretaría: un/unha traballador/a municipal, sen voz e sen voto.
- g) Persoal técnico da área do Consello: con voz e sen voto.
- h) Técnico/a en participación cidadá: con voz e sen voto.

2 Os sectores, grupos e institucións representados designarán e comunicaranlle por escrito á Secretaría os nomes de cada portavoz e suplente que teña a mencionada representación.

3 Cando desde o sector ou desde as entidades máis representativas se designe máis dun representante, os designados establecerán entre si un sistema de quendas para figurar como membros do CSL na lexislatura correspondente. De non chegar a acordo, será a Presidencia a que estableza as quendas.

Artigo 6. Cesamento dos membros do Consello.

1.- Os membros do Consello Sectorial de Lingua cesarán polas seguintes causas:

- a) Renuncia expresa.

- b) Expiración do prazo do seu mandato.
- c) Declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño do cargo público por sentenza xudicial firme.
- d) Disolución da entidade á que representan.
- e) Contravir as obrigas legais e regulamentarias esixibles a asociacións ou entidades, así como o disposto nos regulamentos municipais que lle sexan de aplicación.
- f) Pola causa prevista no artigo 15 do presente regulamento.

Capítulo III. Funcionamento

Artigo 7. Periodicidade

O Consello reunirse como mínimo catro veces ano en sesión ordinaria.

Poderán solicitar a reunión do Consello Sectorial de Lingua en convocatoria extraordinaria cando así o demande unha terceira parte das persoas que o conforman.

Artigo 8. Quórum de asistencia

Para a válida celebración das sesións requírese a asistencia do/a presidente/a e o/a secretario/a e de polo menos a metade dos membros representantes das entidades cidadás e da cidadanía a título individual, quórum que deberá manterse durante toda a sesión.

Se o dito quórum non se alcanzase, constituirase en segunda convocatoria media hora máis tarde, e será suficiente a asistencia da terceira parte dos membros representantes das entidades cidadás e da cidadanía a título individual, ademais do/a presidente/a e o/a secretario/a.

Artigo 9. Convocatorias

A convocatoria das sesións correspóndelle á Presidencia que deberá achegar con ela a orde do día comprensiva dos asuntos a tratar elaborado atendendo as propostas que por escrito puidesen presentar os membros do Consello. A antelación da convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias será de oito días.

Respecto á celebración de sesións extraordinarias e urxentes convocaranse con 48 horas de antelación.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estea presente a metade máis un dos membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable de maioría simple dos presentes. No caso contrario, o asunto será tratado na sesión seguinte do Consello.

Artigo 10. Funcións da Presidencia

Serán funcións da Presidencia as seguintes:

- a) Representar o Consello que preside.
- b) Convocar as sesións e establecer previamente a orde do día.
- c) Presidir e moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates para efectos de adoptar acordos.
- e) Remitir-lle os acordos adoptados ao Concello de Ferrol
- f) Cursar invitación a cantos técnicos municipais considere oportuno para que asistan as sesións.
- g) As demais funcións que se lle atribúan por acordo do Pleno do Concello ou a través do seu Regulamento de organización e funcionamento.

Artigo 11. Funcións da Secretaría do Consello

Serán funcións da Secretaría do Consello as seguintes:

- a) Asistir as sesións con voz e sen voto.
- b) Executar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa Presidencia, así como as citacións aos membros.
- c) Recibir calquera acto de comunicación dos membros do órgano e, xa que logo, as notificacións, peticións de información, ou calquera outra clase de escritos dos que debe ter coñecemento.
- d) Despachar os asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Aquelas que lle atribúa o Pleno do Concello de Ferrol mediante acordo plenario ou a través do Regulamento de funcionamento.

Artigo 12. Adopción de acordos

O sistema habitual de traballo é a procura de acordos por consenso, se este nalgún caso non é posible, recorrerase ao voto e os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros presentes que teñan dereito ao voto. No caso de empate o/a presidente/a do Consello terá voto de calidade.

O voto será secreto por petición de calquera dos membros do Consello.

Artigo 13. Actas

A secretaria do Consello redactará acta das reunións. As actas remitiranlles a todas as persoas membros do Consello e someteranse á aprobación deste na seguinte sesión que se realice.

As actas serán publicadas na web municipal e estarán a disposición da cidadanía nas oficinas municipais onde preste servizo a persoa que desempeña as funcións da secretaria do Consello.

Artigo 14. Grupos de traballo



Para o estudo de temas puntuais e concretos relacionados co ámbito do Consello Sectorial de Lingua, poderanse constituír comisións de traballo específicas, por iniciativa da Presidencia do Consello ou por petición da maioría dos membros que integran o Consello.

Poderán participar nos grupos de traballo ademais dos membros do Consello que se designen para formar parte del, tamén especialistas dos diferentes temas obxecto de estudo que sexan propostos pola maioría dos membros do Consello.

O réxime de funcionamento dos grupos de traballo será flexible, axeitado á urxencia do tema; a convocatoria e coordinación dos grupos de traballo corresponderalle á Presidencia, a cal poderá delegar na Secretaría se o considera oportuno. Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes no grupo de traballo.

Artigo 15. Ausencias

A ausencia inxustificada a dúas sesións ordinarias consecutivas do Consello, determinará a perda do dereito ao voto e a posibilidade de que o Consello determine a exclusión como membro do Consello.

No caso de ser excluído, esta exclusión terá a vixencia do mandato corporativo no que se tome tal decisión.

Artigo 16. Ditames do Consello

Os ditames do Consello, ao ter este un carácter consultivo e de participación cidadá, terán unha importancia singular, constituíndo directrices, co rango de recomendacións para os órganos de Goberno municipal, os cales terán que dar resposta motivada a todas as recomendacións formuladas polo Consello e que sexan rexeitadas ou modificadas.

Artigo 17. Memoria

O Consello Sectorial de Lingua elaborará unha memoria anual, que será difundida na web municipal e darase conta da mesma na Comisión de Participación Cidadá do Concello.

Capítulo IV. Medios

Artigo 18. Medios materiais e humanos

Para o cumprimento dos seus fins e obxectivos, o Consello Sectorial de Lingua servirse dos medios persoais e materiais do Concello de Ferrol.

Disposición adicional

A aprobación do presente regulamento, así como a súa posterior modificación total ou parcial, e a súa derogación correspóndelle ao Pleno municipal



Disposición derogatoria única

Desde a entrada en vigor do presente regulamento quedan derogado o Regulamento interno do Consello Municipal da Lingua do Concello de Ferrol, aprobado polo Concello Pleno en sesión de data de 29 de maio de 2008, publicado no BOP núm.. 240, de 17 de outubro de 2008.

Disposición final

Primeira.- Para todo o non regulado no presente regulamento, estarase ao establecido na lexislación vixente de Réxime local, no Regulamento orgánico do Concello e no Regulamento de participación cidadá

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor de acordo co establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez transcorrido o prazo de 15 días desde a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.